

Heráldica de Pontevedra cidade (VI)

Alfonso Mumary Ruibal

Na rúa San Nicolás nº 11, nunha labra moderna, manifestado polo grosor da pedra, a forma de colocación no paramento montando sobre as xuntas da cantería, etc., temos unha liñaxe de orixe catalá, radicada en Galicia a finais do s. XVIII.

PASTOR: de azur, un bastón de ouro, seis estrelas de oito puntas, postas en palo, tres en cada lado.



Foi mandado poñer nesta casa por D. Antonio Rodríguez Pastor, a cuxa liñaxe materna pertenceu o fundador do BANCO PASTOR.

Uns din que son orixinarios de Aragón, pero os propietarios desta pedra arqueira teñen os seus precursores nos Pastor de Barcelona, que levaban armas idénticas. Hai familias catalás apelidadas Pastors, que non son o caso dos de Barcelona.

Ambas formas teñen a súa orixe no antigo solar do Castelo de Eiveg, na vila francesa do mesmo nome.

O pastoreo e coidado do gando recóllese en heráldica mediante diferentes instrumentos relacionados con esta actividade.

O caxato é o instrumento usado polos pastores para axudarse a camiñar polos terreos esgrevios e como defensa fronte ao lobo. Están nas armas dos Pastor e Ruzo (tres bastóns de goles).

A estrela é a imaxe da felicidade e significa a grandeza, a prudencia, a verdade, a luz, a maxestade e a paz. A estrela de oito raios considérase o complemento equilibrado do mundo sensible e insensible.

No Campiño nº 2, facendo esquina, temos unha labra ovalada sobre cartela. Consta dun castelo adestrado por un home cun sombreiro e sinistrado por outro home con coroa. Os dous teñen unha especie de bastón ou bordón. A pedra está bastante deteriorada polos efectos meteorolóxicos. Parece ser que sempre ocupou ese lugar e edificio dende un principio, mais non se sabe a que liñaxe pertence nin quen foi o seu propietario.

A casa está mesmo enfronte da casa torre dos Montenegro. Esta liñaxe estaba considerada como a máis importante de Pontevedra, proba disto son as doce representacións heráldicas das súas armas en distintos escudos da cidade e outros localizados noutros lugares como igrexas, ruínas de San Domingos, etc.



Na praza de Alonso de Fonseca, nº 24 temos un escudo tallado na clave do arco da porta que dá entrada ao edificio. Escudo do último cuarto do s. XV. Está moi deteriorado pola acción atmosférica e faise difícil a súa identificación. Corresponde á liñaxe de

MENELAU: de goles (vermello), unha serpe alada (de prata, picada de sinople: pico e patas desa cor verde) asustada por unha aguia de ouro, voando sobre ela.



Os Menelau ou Menelao, son de orixe grega. Unha pola chegou a Portugal onde se estableceron, pasando despois a Galicia e emparentándose con familias desta zona. Non se sabe que Menelau mandou esculpir este escudo.

A aguia é a raíña das aves e dona dos ceos. Simboliza o poder, a xenerosidade, magnanimidade e gallardía do espírito.

Sierpe é o nome que xenericamente reciben os ofidios en heráldica. Simbolizan a prudencia, polo cauteloso que avanzan, reptando temerosas a fin de non expoñer o seu corpo a danos innecesarios. Todos os sistemas relixiosos da antigüidade viron na serpe un símbolo de vida, polo que a miúdo atribuíáselles a conservación da existencia e da saúde, de aí que unha serpe figurara na vara de Esculapio, divindade grega da medicina.

Na rúa da Amargura nº 8, temos un escudo dun só cuartel correspondente á liñaxe dos MEIRA. Dedúcese que pertence a esta liñaxe, pois no edificio que está a carón del existe outro escudo no que aparecen as súas armas no terceiro cuartel.

MEIRA: de goles, unha cruz vacua e floreada de ouro.



Desta liñaxe está perfectamente comprobado que a súa orixe é galega e tivo a súa casa solar na parroquia do mesmo nome na península do Morrazo. É unha das antigas e ilustres liñaxes de Galicia. A baronía dos Señores da Casa de Meira extinguiuse na primeira metade do s. XV coa última herdeira desta casa D^a Teresa de Meira que casou con D. Gonzalo de Valladares, Señor da Casa de Valadares e Saxamonde.

O uso das cruces en heráldica popularizouse coas cruzadas. Segundo as tradicións os cruzados usaban cruces de diferentes esmaltes para distinguila súa procedencia, así os hispanos utilizaban os goles (vermello); os francos, a prata; os saxóns, o ouro; os xermanos, o sable (negro); os italianos, o azur, etc.

A cruz floreada ou florenzada é aquela cuxos extremos rematan nunha flor de lis. Preséntase xeralmente unha soa cruz ocupando o campo do escudo, como é o caso. Aquí a cruz é baleira ou oca, deixando ver a través dela o campo do escudo, (é dicir de goles), o que en heráldica se denomina buidada.

Bibliografía

-*Simbología y diseño de la heráldica gentilicia galaica*. AA. Luio Valero de Bernabé y Martín de Eugenio e Vicenta M^a Márquez de la Plata y Ferrándiz.

-*El gran libro de los apellidos y la heráldica*: Juan Sebastián Elián.

-*Heráldica de Pontevedra*: Luis F. Messia de la Cerda y Pita.

Fotografías do autor